



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E O CENTRO DE INICIATIVAS TURISTICAS DE SAN CIPRIAN

En Cervo a 25 de outubro de 2018

De unha parte, M^a Jesús Alvarez Bango con DNI 11.033.695C, en calidade de presidenta do Centro de Iniciativas Turísticas de San Ciprián.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei reguladora de bases de réxime local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o Concello de Cervo, en exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases de réxime local, está interesado en promover e colaborar coa realización do Día do turista.

SEGUNDO: Que o Centro de Iniciativas Turísticas de San Ciprián como organizador das devanditas festas, solicitou do concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados do mesmo.

En base ó anteriormente exposto, o Concello de Cervo e o CIT de San Ciprián asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración económica entre o Concello de Cervo e o CIT de San Ciprián para a realización do Día do turista.

Segunda.- O Concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 1.500 € con cargo á partida 334.48914, ó CIT de San Ciprián, para a realización do Día do turista.

Terceira.- O CIT de San Ciprián, comprométese a xustificar os gastos subvencionados mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-13

compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas

Cuarta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



Alfonso Villares Bermúdez

A presidenta do CIT de San Ciprián

Ma Jesús Álvarez Bango